



### IGUALDADE EN PRADOS VELLOS

Partido moi igualado o disputado na tade de onte en Prados Vellos entre a selección sub-17 de Ferrol e os xuvenís do Numancia. O tempo climatolóxico acompañou.

Ares, 31 de decembro de 2009. Por parte do Numancia xogaron todos os xuvenís con ficha dispoñible agás Amenedo (enfermo) e o porteiro do primeiro equipo Fivi (motivos laborais).

Tamén xogou o xuvenil a proba Rubén.

Na primeira parte xogaron: Iván, Álvaro, Martín, Antón, Jorgito, Pablo, Jorge, Julio, Manu, Pedro e Díaz

Na segunda parte xogaron: Tobe, Coco, Martín (Miguel, 75'), Antón (Jesús, 60'), Jorgito (Gabo 60') (Jorgito 80'), Pita, Jorge (Rubén 60'), Juanra, Pedro (Antón 75'), Julio (Jony 60') y Dani (Ezra 75').

A primeira parte foi moi igualada e quizás mereceu algo máis a selección que se encontrou con dúas boas intervencións do porteiro local Iván. Nestes primeiros corenta e cinco minutos destacou o medio dereito da selección, un perigo constante pola súa banda, só parado en continuas faltas por parte do Numancia. Tamén destacou o mediocentro nedense Yon, con boa distribución de balón e perigo constante no xogo aéreo. Foi a selección a primeira en adiantarse no marcador nunha barede parede pola banda esquerda, centro e remate case a pracer dentro da área para poñer o 0 – 1 no marcador. Enseguida conseguiu o Numancia o empate, ao roubar Julio un balón tras presionar á defensa ferrolá, cedendo a Manu para que este cun bo recorte e disparo cercano consiga o tanto local.

Na segunda parte é o Numancia o que sae máis entonado e dispón de varias ocasións claras nas pernas de Julio, Jorge e Pita respectivamente. Non obstante é a selección a que consegue adiantarse no marcador tras un erro de Martín, que estivera inconmensurable ata entón, mais nesta ocasión non acerta a despexar un balón dentro da área e o rexeite aproveítalo un xogador visitante para establecer o 1 – 2 definitivo no marcador. Na selección xogou nesta segunda parte Víctor Vilariño, xogador do Numancia. A destacar o bo partido de Antón, Martín e Pedro, así como o regreso de Gabo tras meses sen xogar, aínda que lle falta moito para estar en condicións e tamén sinalar o debut de Rubén que busca un sitio no plantel,

A selección amosouse coma un combinado sólido en defensa pero con problemas de acoplamento nos seus xogadores de ataque, que non conseguen realizar un xogo fluído, algo normal porque aínda están en fase de formar un combinado definitivo. Desexámoslle moita

sorte e darlles as grazas a todos e a Federación por ter escollido Ares para os seus partidos de preparación, esperando que se repita isto en máis ocasións. Feliz ano novo a todos.

Xelo